

25n
2 0 2 5

**Día internacional da eliminación
das violencias contra as mulleres**



Propostas didácticas

PARA TRABALLAR NAS AULAS
DE **SECUNDARIA E FP** O 25N

(CO)educando á par que (DE)construíndo



Edita: Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) e CIG-Ensino.

Autora: Tania Nóvoa Paz

Permítese a reprodución parcial ou total dos contidos desta publicación sempre e cando se realice sen ánimo de lucro e se cite a súa procedencia e autoría.

Imaxes cuberta: Freepik.com

Xustificación

Despois de que un 25 de novembro de 1960 asasinasen en República Dominicana ás irmás Mirabal, coloquialmente coñecidas como *As tres bolboretas*, Abya Yala experimentou un tremor que a partiu en tres. As súas mesmas entrañas pedían a berros o retorno das fillas Patria, Minerva e María Teresa, pero, moi no fondo, sabían que rematarían por converterse en eco. Un eco o suficientemente claro e sonoro que incidise na declaración oficial desta data como o «Día Internacional da Eliminación da Violencia de Xénero».

A pesar dos avances conseguidos nas últimas décadas na loita contra a violencia machista, a situación actual en Galiza esixe que desde o ámbito educativo manteñamos e reforcemos o noso compromiso co traballo en igualdade. Os datos son desalentadores: a taxa de violencia de xénero na nosa comunidade autónoma aumentou case un 10% respecto a de 2024, e os xulgados de violencia contra as mulleres reciben de media 21 denuncias, case unha por cada hora.

Porén, fronte a esta realidade, asistimos a un retroceso nas políticas públicas en materia de igualdade. A supresión da Secretaría Xeral de Igualdade, reducida a unha dirección xeral, e un descenso nos orzamentos da Xunta dirixidos á loita contra a violencia de xénero do 6,4% respecto a 2025 amosan como as institucións públicas están a recuar no seu compromiso con esta prioridade social. Esta situación constitúe o que se denomina violencia institucional: a permisividade ante condutas machistas, o desmantelamento destas políticas e a precarización dos recursos de atención ás vítimas.

A violencia vicaria: cando a infancia se converte nun motín de guerra

Dentro do amplo espectro de violencias machistas, é imprescindible visibilizar unha das súas formas máis crueis e devastadoras: a violencia vicaria. Este tipo de violencia prodúcese cando o maltratador utiliza a súa descendencia como instrumento para danar á nai, exercendo violencia física ou psicolóxica sobre esta co obxectivo último de facer sufrir á muller.

A violencia vicaria maniféstase de múltiples formas: desde a manipulación emocional dos nenos e nenas contra a súa nai, ata casos extremos de agresións ou feminicidios vicarios, nos que os infantes son asasinados como forma de causar o maior dano posible á figura materna. Trátase dunha instrumentalización cruel das

criaturas, que son utilizadas como obxectos no exercicio de dominación e control sobre as mulleres.

Esta forma de violencia ten consecuencias devastadoras non só para elas, senón especialmente para a infancia, que sofre as secuelas dun maltrato perpetrado precisamente por quen debería protexela. Por iso é fundamental que desde o ámbito educativo saibamos identificar situacións de violencia vicaria, protexamos ao alumnado que poida estar a sufrila e traballemos na súa prevención en todas as etapas; construíndo modelos de paternidade e maternidade baseados no coidado, o respecto mutuo e a corresponsabilidade.

(Co)educando á par que (de)construíndo para previr a violencia

É por este motivo que desde o ámbito educativo temos unha responsabilidade acrecentada. Cando as institucións recortan en igualdade e normalizan a violencia, a escola debe ser un espazo seguro de resistencia, prevención e transformación social. A coeducación preséntase como unha estratexia fundamental para a prevención da violencia machista desde a raíz.

Entendemos a coeducación non como a mera presenza dos rapaces e das rapazas nas mesmas aulas, senón como un modelo educativo que cuestiona e transforma os estereotipos de xénero, que visibiliza e valora por igual as achegas de homes e mulleres á sociedade, e que educa en relacións afectivas igualitarias e baseadas no respecto. A coeducación implica revisar o currículo oculto, os materiais didácticos, a linguaxe, o uso dos espazos, as expectativas diferenciadas sobre o alumnado e os modelos de feminidade e masculinidade que se transmiten na escola.

Traballar desde a coeducación significa educar persoas libres, críticas e conscientes das desigualdades estruturais que perpetúan a violencia machista. Só desde unha educación que desafíe os roles tradicionais de xénero e que promova a igualdade real poderemos previr que as futuras xeracións reproduzan as violencias que hoxe denunciámos.

Precísase, tal e como reclamamos desde movementos de renovación pedagóxica e organizacións sindicais feministas como a AS-PG e a CIG-Ensino, un plan galego pola igualdade que sexa transversal, dotado de recursos e que chegue a todas as áreas da vida pública, incluíndo de forma prioritaria o sistema educativo.

Metodoloxía

Estas Unidades Didácticas, dirixidas ás aulas de Infantil, Primaria, Educación Secundaria e FP, tomarán como punto de partida a reflexión crítica sobre a construción de roles de xénero e como estes inflúen nas relacións persoais, a autoestima e o desenvolvemento da violencia machista.

A metodoloxía empregada será principalmente vivencial e participativa, buscando que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe a través de dinámicas que favorezan:

- **A reflexión persoal:** sobre as súas propias experiencias e percepcións de xénero.
- **O diálogo grupal:** para contrastar visións e construír coñecemento colectivo.
- **A empatía:** poñéndose no lugar doutras persoas e recoñecendo diversas realidades.
- **A acción transformadora:** non só comprender, senón comprometerse co cambio.

As actividades están deseñadas desde unha óptica flexible e adaptable, centrada na educación emocional, o desenvolvemento da autonomía persoal e o recoñecemento do bo trato como base das relacións saudábeis. Traballarase desde o enfoque da coeducación, entendendo que todos os xéneros poden e deben participar na construción dunha sociedade máis igualitaria.

Obxectivos xerais

- Identificar os roles e estereotipos de xénero aprendidos durante o ciclo vital e analizar criticamente o seu impacto nas relacións persoais.
- Recoñecer as diferentes formas de violencia machista, desde as máis sutís (micromachismos) ata as máis evidentes.
- Promover o desenvolvemento da autonomía persoal e o autocoñecemento como ferramentas de prevención da violencia.
- Fomentar relacións baseadas no bo trato, o respecto mutuo, a igualdade e o recoñecemento da diversidade.
- Desenvolver habilidades de comunicación asertiva e resolución pacífica de conflitos.

- Visibilizar modelos de masculinidades e feminidades alternativas, afastadas dos estereotipos tradicionais.
- Promover o apoio mutuo e a responsabilidade colectiva na prevención e detección de situacións de violencia.

ACTIVIDADE 1.

Aprendo e desaprendo: constrúo e deconstrúo

Duración

1-2 sesións (50-100 minutos)

Obxectivo

Identificar as mensaxes sobre xénero que recibamos en diferentes etapas da nosa socialización primaria mais secundaria e reflexionar sobre como influíron na nosa identidade e comportamento.

Desenvolvemento

FASE 1: Liña da vida (30 minutos)

Divídese ao alumnado en grupos pequenos (4-5 persoas) e entrégaselles unha cartolina grande dividida en etapas vitais:

- Infancia (0-6 anos)
- Nenez (7-12 anos)
- Adolescencia temperá (13-15 anos)
- Adolescencia (16-18 anos)

Cada grupo debe identificar e escribir en cada etapa:

- Que mensaxes recibías sobre “como debían ser” os rapaces e as rapazas?
- Que xoguetes, cores, actividades se consideraban apropiados para cada xénero?
- Que emocións podían expresar libremente e cales non?
- Que expectativas había sobre o seu futuro (profesional, familiar)?



Guía de preguntas para a reflexión:

- Ás nenas regalábanlle cociñas e aos nenos ferramentas?
- Quen podía chorar e quen debía “ser forte”?
- A quen se lle permitía máis liberdade de movemento e horarios?
- Que profesións se consideraban “de homes” ou “de mulleres”?

FASE 2: Posta en común (20 minutos)

Cada grupo presenta a súa liña da vida e vanse identificando patróns comúns. O persoal docente facilita a reflexión sobre:

- Estas mensaxes eran explícitas ou implícitas?
- Quen as transmitía? (familia, escola, medios, publicidade, redes sociais)
- Como nos afectaron estas mensaxes en quen somos hoxe?
- Hai diferenzas segundo a xeración, a familia, a cultura?

FASE 3: Deconstrución (20 minutos)

Propónselle ao alumnado que, nos mesmos grupos, pensen:

- Que mensaxes lles gustaría ter recibido?
- Que farían diferente se tivesen fillos/as ou irmáns/ás pequenos?
- Que poden comezar a cambiar agora na súa contorna?

Péchase cun mural colectivo titulado “Así queremos medrar”, onde cada grupo achega as súas propostas de mensaxes igualitarias para todas as etapas vitais.

Materials

Cartolinas grandes, rotuladores de cores, post-its, material de apoio con exemplos de publicidade, xoguetes, libros infantís con e sen estereotipos.


ACTIVIDADE 2. Visibilizando a violencia vicaria a través do relato “a miña nai é unha illa”

Duración

2 sesións (100 minutos)

Obxectivo

Identificar e comprender que é a violencia vicaria como unha das manifestacións máis devastadoras da violencia machista, reflexionando sobre como afecta tanto ás nais como ás crianzas que son utilizadas como ferramentas para prolongar o maltrato.



FONTE: Elaboración propia.

Desenvolvemento

FASE 1: Contextualización da violencia vicaria (15 minutos)

O profesorado introducirá o concepto de violencia vicaria, explicando que se trata dunha forma de violencia machista na que o agresor utiliza ás fillas e fillos como arma para facer dano á muller. Esta violencia consiste en maltratar, manipular ou mesmo asasinar aos menores co obxectivo de causar o maior sufrimento posible á nai.

- A violencia vicaria pode manifestarse de múltiples formas:
- Utilizar aos menores para manter o control sobre a nai despois dunha separación
- Manipular emocionalmente ás crianzas para que rexeiten á nai
- Exercer maltrato psicolóxico sobre os fillos sabendo que a nai o presencia
- Crear un ambiente de terror na casa que afecta a toda a familia
- Nos casos máis extremos, agredir ou asasinar ás crianzas

FASE 2: Lectura do relato “A miña nai é unha illa” (20 minutos)

O profesorado repartirá ao alumnado o relato “A miña nai é unha illa” (véxase Anexo 2), galardoado polo Concello de Lalín no concurso “Dillo a quen maltrata” con motivo do 25N. Este texto narra a historia de Nerga, unha rapaza que aos vinte e catro anos reflexiona sobre a súa infancia marcada pola violencia machista exercida polo padrasto sobre a súa nai e sobre ela mesma e os seus irmáns.

Durante a lectura, o alumnado deberá prestar especial atención a como se describe a violencia vicaria e as súas consecuencias.

FASE 3: Posta en común e reflexión (45 minutos)

Despois da lectura, abrírase un debate guiado coas seguintes preguntas:

- Como afecta a violencia vicaria ás crianzas?
- Que formas de violencia vicaria identificaches no relato?
- Por que é importante visibilizar este tipo de violencia?
- Que papel teñen as institucións na protección das vítimas?
- Coñeces algún caso real ou mediático de violencia vicaria?

FASE 4: Actividade creativa

En grupos pequenos, o alumnado creará mensaxes de apoio e visibilización da violencia vicaria en forma de carteis, infografía ou textos breves que se colgarán na aula ou nos corredores do centro.

Material necesario: Relato “A miña nai é unha illa” (véxase Anexo 2), cartolinas e material de debuxo para a actividade creativa.

ACTIVIDADE 3. Sentes amor de verdade ou mito? (De)construíndo o amor romántico

Duración

1 sesión (50-60 minutos)

Obxectivo

Identificar e (de)construír os mitos do amor romántico, recoñecer comportamentos tóxicos nas relacións afectivas e promover relacións baseadas no respecto, igualdade e liberdade.

Desenvolvemento

O persoal docente introduce o concepto de “mitos do amor romántico”, explicando como son crenzas falsas sobre o amor san e tóxico que aprendemos desde a infancia ata a vida adulta.

FASE 1: O propósito é xerar, coma sempre, un círculo seguro no que emerxan aquelas características que perpetúan os roles e estereotipos de xénero, facendo que cada discente se somerxa dentro do seu imaxinario colectivo. Desde aí, analizará as mensaxes, cancións, series etc. que forman parte da sociedade e que a miúdo se replican tanto na esfera pública coma na privada.

FASE 2: Clasificación de frases

Organízase o espazo colocando dúas cartolinas en extremos opostos da aula:

- Cartolina VERDE: “AMOR SAN”
- Cartolina VERMELLA: “MITO/TÓXICO”

O/a docente le frases (véxase Anexo 1) e o alumnado debe posicionarse fisicamente cara á cartolina que considere correcta. Despois, xustifican a súa elección e débátese as diferentes opinións sobre os mitos identificados e como afectan ás relacións reais.

Material necesario

Dúas cartolinas grandes (verde e vermella) e tarxetas con frases sobre o amor (véxase Anexo 1).

ACTIVIDADE 4: O mapa falante. Cartografía da seguridade dos nosos espazos

Duración

1 ou 2 sesións (60-120 minutos)

Obxectivo

Analizar criticamente os espazos urbanos que transitamos a diario dende unha perspectiva de xénero; identificando zonas seguras e inseguras, e reflexionar sobre como o medo limita a liberdade de movemento de mulleres e nenas.

Desenvolvemento

Que é un mapa falante? Unha ferramenta de análise territorial que permite visualizar e “dar voz” aos espazos que habitamos, recollendo as percepcións, vivencias e emocións que experimentamos nos diferentes lugares. Os elementos que se poden analizar de maneira xeral son a iluminación, a visibilidade, o estado de conservación das rúas e tamén a accesibilidade a elas, se hai presenza de persoas ou non e se contan con algunha experiencia persoal que queiran compartir.

O alumnado, en grupos de 3-5 persoas, crea o seu mapa elixindo unha destas opcións:

1. Barrio no que viven
2. Camiño desde a casa ata o centro educativo
3. As rúas que transitan con máis frecuencia
4. Contorna do propio centro educativo

Despois disto, identifican cada zona segundo o nivel de seguridade e clasifícanas por cores, coma se fose un semáforo:

- **Verde:** onde nos sentimos seguras/os a calquera hora
- **Amarelo:** onde dependemos da hora (de día seguras/os, de noite inseguras/os)
- **Vermello:** Zonas que evitamos ou nas que sentimos medo

Para rematar, pasarase a unha rolda de preguntas nas que se debaterá as posibles diferenzas que se perciben entre rapaces e rapazas, prestando especial atención naquelas persoas que modifican a súa rutina por medo e que facer para sentirse máis tranquilas e tranquilos.

Material necesario

Cartolinas grandes ou papel continuo, rotuladores ou lapis de cores (verde, amarelo, vermello), pegatinas ou gomets de cores.

Bibliografía

- ACNUR. (2013). *Respiramos Inclusión en espacios educativos*. Ecuador.
- Altable, C. (1991). *Penélope o las trampas del amor*. Mare Nostrum.
- Bosch, E., Ferrer, V. A., & Alzamora, A. (2006). *El laberinto patriarcal: reflexiones teórico-prácticas sobre la violencia contra las mujeres*. Anthropos.
- CIG-Ensino. (2025, 17 de novembro). A CIG centra a campaña do 25N na denuncia contra a violencia institucional. <https://www.cig-ensino.gal/nova/a-cig-centra-a-campana-do-25n-na-denuncia-contra-a-violencia-institucional.html>
- Concello de Lalín. (2022). Relato “A miña nai é unha illa”. Concurso “Dillo a quen maltrata” (25N).
- Lagarde, M. (2005). *Los cautiverios de las mujeres: madresposas, monjas, putas, presas y locas*. UNAM.
- Pedagogía de emergencia sin fronteras. (2023). *Cómo acompañar a niños, adolescentes y jóvenes víctimas de conflictos bélicos. La pedagogía que ayuda a superar el trauma en sus primeras fases*. España.
- Pixar Animation Studios. (2015). *Intensamente* [Inside Out] [Película].
- Siede, I. A. (2006). *Iguals y diferentes en la vida y en la escuela*. En P. Martinis & P. Redondo (Comps.), *Igualdad y educación: Escrituras entre dos orillas* (pp. [páginas]). Del Estante Editorial.
- Qué es el urbanismo feminista* [Vídeo]. (s.f.). YouTube. <https://www.youtube.com/watch?v=dl4TOCPMMbA>

Literatura sobre relacións afectivas e prevención da violencia de xénero

- Marroquí, M. (2018). *Esto no es amor*. Destino.
- G. de la Cueva, C. (2016). *Mamá, quiero ser feminista*. Lumen.
- G. Marín, J. (2018). *Novas masculinidades*. Através.
- Retamozo, P., Oliveira, C. e Pernas, B. (2024). *As trampas da pornografía*.
- Oliveira, C. e Retamozo, P. (2021). *Comando Igualdade. A mocidade facendo a revolución feminista nas aulas!* Catro ventos.


Anexos

ANEXO 1. Tarxetas de frases sobre amor san e amor tóxico

Material elaborado en Canva para a Actividade 3 “Sentese amor de verdade ou mito?”. Contén unha selección de frases e situacións que o alumnado debe clasificar como exemplos de amor san ou mitos/amor tóxico.

Enlace ás tarxetas:


https://www.canva.com/design/DAG4bPEK1EA/xVpCZ14J8GK34pD-jC6H1Q/edit?utm_content=DAG4bPEK1EA&utm_campaign=designshare&utm_medium=link2&utm_source=sharebutton




O amor verdadeiro dáse cando che envían mensaxes todo o día para saber con quen estás e que estás a facer.



O amor prodúcese cando se enfada, rompe a relación cando quere e logo volve pedindo perdón.




Se realmente che importo, deixarás de quedar cos teus amigos e amigas para estar só comigo.




Se me ameaza con quitarse a vida se deixo a relación, é porque me quere moitísimo.




O certo é que os celos demostran amor. Se non ten celos, non te quere.




Se te quere, cambiará por ti. Ti tes que ser paciente ata que cambie.




Se me ameaza con quitarse a vida se deixo a relación, é porque me quere moitísimo.



O amor verdadeiro móstrase cando fala mal das túas amizades porque 'non che conveñen' ou 'son mala influencia'.



Se che pega, pero logo chora e pide perdón, é porque está moi namorado/a e perdeu o control.




Revisa o teu móbil, redes sociais e mensaxes porque 'non ten nada que ocultar' se realmente te quere.




O meu príncipe azul ou princesa perfecta completárame e fíxame feliz para sempre.




Controla o que vistes porque 'provocas ao resto' e iso moléstalle.




Se te quere de verdade, respectará as túas decisións aínda que non estea de acordo.




O amor consiste en apoiar os teus soños e proxectos, aínda que iso signifique estar separados/as temporalmente.




Nunha boa relación, podes expresar o que sentes sen medo a que se enfade ou te castigue co silencio.



Nas discusións, escoitades e buscade solucións en conxunto, sen insultos nin desprezos.



Cadaquén ten os seus propios pasatempos, amizades e tempo para si mesmo/a.



Se tes unha mala racha, podes dicilo e buscar apoio, sen sentirte culpable.



Cadaquén respecta os límites sexuais da outra persoa sen presións nin chantaxes.

ANEXO 2. Relato “A miña nai é unha illa”

Texto completo do relato galardoadado polo Concello de Lalín no concurso “Dillo a quen maltrata” (25N, 2022), utilizado na Actividade 2 sobre violencia vicaria.


Autoría: Tania Nóvoa Paz

Premio: Concello de Lalín, concurso “Dillo a quen maltrata” (2022)

Enlace ao texto:

https://www.farodevigo.es/deza-tabeiros-montes/2022/11/23/pontevedresa-tamara-jimenez-gana-dillo-78953226.html?fbclid=PAZnRzaAOHN4dleHRuA2FlbQlxMQBzcnRjBmFwcF9pZA8xMjQwMjQ1NzQyODc0MTQlY2FsbHNpdGUCMTUAAad84bsxymdv-N0zvjlW_pSIK3VeGKTd5SyykOfPCodaUevECBLab9yvzZXEVg_aem_XT-HwlqGq-MzG5aOAqfyDQ

A miña nai é unha illa



IV Concurso de Relatos Curtos contra a Violencia de Xénero da USC

Non sabía cantos anos tiña. A súa avoa tampouco se acordaba. Nin sequera lembraba o instante no que caera naquel burato sen fin, pero o que si recordaba era a dor. Unha dor que lle facía revivir unha lembranza que podería ter esquecida. Ao final quizais debería de sentirse agradecida con aquelas persoas que durante a súa curta vida se empeñaran en facerlle entender que unha sempre se quedaba con palabras que, aínda que estivesen baleiras de forma e contido, se che metían, tan, tan, dentro do corpo, que causaban feridas abertas. Moitas veces, sen cura.

Nerga estaba a piques de cumprir os vinte e catro, e este ano case non lle facía ilusión celebrar o seu aniversario, algo que realmente a incomodaba. Estivera toda a súa infancia desexando que chegase o momento no que poder liscar da casa da súa nai; darlle un portazo ben forte a aquela porta que mantiña a súa gaiola, para que, por fin, dunha vez por todas, se destruísen os cementos dun maltrato psicolóxico que se prolongara no tempo. E agora que? As cousas mudaran completamente.

Co paso dos días, dérase conta a través do traballo de autocoidado emocional que fixera en si mesma ao acudir a distintas terapias con profesionais do mundo da saúde, para falar alto e ben claro sobre a súa historia, de verbalizala e contala para que non se lle borrara nada daquela cabeciña que algúns definían de “tola”, que levaba razón aquela psicóloga que a tratara de convencer de que non se sentira culpable daquilo que deixaba atrás. Pois, sen chegalo a imaxinar, e para ilustralo dunha forma máis poética, conseguira saír dunha ría moi profunda, podendo alcanzar nun futuro próximo a súa propia salvación. Unha salvación na que estivera implícita a posibilidade de tender unha ponte de comunicación, axuda e comprensión cara a súa nai e os seus irmáns.

Un, dous, tres, catro, cinco. Conta ata cinco, respira. Acórdate de levar contigo os manguitos, para evitar o afundimento. Repetía unha e outra vez. Queda menos do que te imaxinas. Só tes que agardar a cumprir a maioría de idade, ou o que é igual, renunciar ao soño de Peter Pan. Pero o seu desexo chegou antes do que esperaba. Neses intres acordábase do que un profesor seu comentara unha vez na aula de matemáticas, materia que odiaba. A teoría deste era que probablemente o primeiro número que unha persoa aprendera de pequena fora o 5, pola canción de *“cinco lobitos tiene la loba”*. E deste xeito, Nerga non podía deixar de cantaruxar unha e outra vez esa música, engadindo: “Breogán (1), Roi (2), Aldán (3), Ivo (4) e Zeltia (5). Nomes galegos. A miña nai fixo unha boa escolla”.

A Nerga nunca se lle deran ben os números. As matemáticas sempre supuxeran unha frustración para ela e, se tiña que elixir entre uns ou outros, prefería os pares. Pero

despois de moitos intentos por revolver as contas que a vida lle tiña pendentes, -contas de sumas e restas (restas máis ca sumas)-, nun papel cheo de cores negras, agarrouse á primeira oportunidade que o destino lle presentou e fuxiu, comezando a vivir. Xa afastada e desde un novo horizonte, deixou de contemplar aquel naufraxio liderado por o único ser que a mantivera vítima e presa da corrente: el, seu padraστο, o pai de catro dos seus irmáns. O mesmo home que aproveitara para secuestrar a súa mente e mergullala dentro da auga durante unha das etapas máis cruciais da súa vida.

Agora Nerga, cando dirixe a súa mirada cara o pasado, concorda coa opinión daquela psicóloga que de cativa tanto lle axudou; mais prefire dicir que, a súa nai é unha illa, rodeada, como non, de auga. Inaccesible, maltratada e illada da sociedade. Ela, co seu espírito soñador, prefire imaxinar que a súa nai é a illa de Monteagudo, fronte a de Faro, unha das catro illas que conforman as Cíes.

Unha tarde de verán do 2001, na praia de Nerga, en Cangas, unha avoa intenta, sen éxito, que a súa neta de seis anos aprenda a nadar nas profundidades que aloumiñan á ría de Vigo. Mais o que non sabe ningunha das dúas, é que primeiro terá que pasar polo medo de case afogar.

